



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 389/2015, DO 16 DE XULLO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de xefe de brigada, dunha praza de peon condutor e de 3 prazas de peóns para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Tendo en conta que a bases xerais no punto sexto establecen que *"rematado o prazo de presentación de instancias a Presidencia da Corporación dictará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e concederase un prazo de 2 días hábiles para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito."*

Visto que todas as solicitudes presentadas cumpren cos requisitos establecidos nas correspondentes bases de selección.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte **lista definitiva de admitidos e excluídos** no procedemento de selección de **1 praza de xefe de brigada** para a brigada de incendios.

Admitidos:

APELIDOS E NOME
Allo Rama José David
Blanco Touriño Maruxa
Fernández Padilla Silvia
Lema Nantón Iván

Excluídos: ningún

SEGUNDO: Aprobar a composición do Tribunal de selección de conformidade co previsto na base sétima das bases xerais de selección, polo que se designa como membros do Tribunal a:

- Presidenta: D^a M^a Silvana Facal Martínez (Axente de Emprego do Concello)
- Secretario: Javier Manuel Lozano García (Técnico informático do Concello).
- Vogal: José Manuel Varela Lema (Conductor de maquinaria do Concello)

TERCEIRO: Convocar ao Tribunal e igualmente aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) que é obrigatoria e eliminatoira, o **venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde**, con dirección na Rúa Tras do Muíño nº 8, baixo CP 15129 Vimianzo (A Coruña). Todos os aspirantes deberán ir provistos do DNI.

CUARTO.: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.concello-cabana.com) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

QUINTO.: Ó considerarse un acto de trámite non procede a interposición de recurso algún.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 16 de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria en acumulación de funcións

Asdo.: José Muíño Domínguez.

Asdo.: Rosa Ana García Fernández